



# A NOSA TERRA

169

Idearium das "Irmandades da Fala"

ANO MCMXXII



---

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Crúña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pesetas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados

Redacción e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, A CRÚÑA

# CERVANTES

Libreria, Papeleria e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

# NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrás: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12  
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursás na Cruña: Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22  
Sucursal en Vigo: Circo núm. 5.

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa conocida.

Recibense encárgenos de fora, e-espíndense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandár os seus encárgenos.

## Os viños e coñás millores

os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de Xerez da Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth más selecto  
de mundial e reconocida sona é o Cinzano (Torino).

Para viños de mesa  
non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

**R. López de Heredia (Haro)**  
Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

**JOSÉ C. JUNCOSA**  
Galera 39 e 41 - 2.<sup>o</sup> piso-A Cruña

# Banco Español del Río de la Plata

**Sucursal na Cruña - Casa matriz: BOS AIRES**

FUNDADO EN 1886

Capital. Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (ineruida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 10.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTÉ FÉ, BAHÍA BLANCA  
e principales prazas da Repúbrica


NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacíos bancarias nas condicíos más favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual . . . . .	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas., . . . . .	3	"	"
En prazo fixo de tres meses . . . . .	3	"	"
Idem id. 6 meses . . . . .	3 1/2	"	"
Idem id. un ano. . . . .	4	"	"
A más prazo . . . . .			convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.



## A sepultura de Rosalía Castro

Na eirexa de Santo Domingo, da vella Compostela, á veira d'un dos afares, atópase emplazado este altar galego que garda as cinzas da nosa Santa Rosalía. Foi erixido por suscripción nacional galega e n'él achase o espírito da nosa Patria.

Frente d'él está tamén a campa que contén os restos d'aquel rexionalista do século pasado que se chamou Alfredo Brañas.

Nós, os nacionalistas de hoxe, os herdeiros directos de aquelas duas glorias galegas, temos sempre unha lembranza de amor e admiración para eles, que nos abriron os ollos no santo amor á terra, que se siente e non se esprica, como dixo Curros, [Con entusiasmo, e con fe temos de ir espallando pol-o chao galego as suas doctrinas, que nos levarán aos tempos de liberdade que cantou o bardo Ponda].

## Portela Valladares

Portela Valladares, o diputado por Fonsagrada, acaba de realizar os actos de importancia que non poden pasar esmorecidos no correr dos días para os nacionalistas. Foron istos, que nun mitin en Pontevedra primeiro e despois no homenaxe a Asorey pronunciou dous discursos en galego con afirmacións francamente nacionalistas. No discurso de Cambados prometeu que non volvería a falar en castelán nos actos que realizase en Galicia. Portela Valladares é un rebelde que xa fa anos tén realizado polos nosos agros rexos e valentes campañas de agrarismo, é o único diputado que no Parlamento plantea a cuestión foral no senso exacto que reclama a opinión galega, sin andar con panos quentes nin ficciós xurídicas, como de cote o fan todos os demais diputados, inda aqueles que presumen e pretendan ser intérpretes das aspiracións galegas. A nosa embora ao señor Portela Valladares e a nosa felicitación persoal mais sincera.

\*\*\*

Mais a nosa ledicia fonda ven envolta nunha nube de dúbidas que nos inquietan; e diante destos feitos compre que os nacionalistas viciamos facendo examen de conciencia, e viciamos fixando o noso pensamento cristiano. Denantes do señor Portela Valladares, fixera tamén manifestacións nacionalistas, inda que non tan compretas e rotundas o señor Leonardo Rodríguez; e agora mesmo, o diputado gassettista señor Senra, sintese contaxiado tamén polo andacío, e nun banquete que lle prepararon en Vigo, pronunciou un discurso que nos seus termos fundamentábase suscribiría calquier nacionalista. Ista é unha realidade política, que queiramos ou non, temos que reconoñer. Ista realidade nun principio é unha sinal de victoria que aos nacionalistas debe satisfacer; é sinal de que o ambiente de galleguismo, de amor a Terra que os nacionalistas fomos semeando con fonda idealidade e con xeneroso apostolado por todos os recunchos da conciencia galega, aqüireu unha vitalidade tan densa que ningún elemento pode sustraerse á sua influencia.

Pro isto comenza de vitoria pode impedir un retraso na liberación política de Galicia. Os tres diputados citados dentro da política hispánica e da galega son representantes de tres ramas do liberalismo centralista; das ramas gassettista, gareci-presta e romanista, cujas ramas orgánicamente representan a eterna enemiga das libertades galegas, son o "Inri" da nosa cidadanía, son a oligarquía caciñal que estende as suas corcas misteriosas, tráxicas e ponzoñosas por toda a nosa terra. Pouco importa, pois a Galicia, que isos representantes varien noblemente a sua estructura ideolóxica; si ese remozamento contribúe a fortalecer o imperio en Galicia dos venos partidos centralistas.

Estas verbas non son súspicion nin censura para os tres diputados citados, nin para os que imiten a sua conducta. Se é ridículo en nós pretender ningunha influencia sobre ellos, sobre todo no senso de que atemperasen a sua actuación a os nosos deseños. Nós, aplaudiremos sempre todos os actos de afirmación nacionalista sin mirar a persoa de quen os fai, porque tampoco pretendemos establecer un réxime de casas, nin conceder ou denegar patentes de nacionalismo; todos somos o que somos, e non o que a xente queira que seamos; por iso tamén atacamos sin contemplacións e feramente todos os actos que coidamos en desprestixio da nosa terra. Son,

polos, somente estas verbas unha chamada de atención a todos os nacionalistas; e esta chamada sintetizámos n'iste pensamento: a realidade galega é tan exuberante que nos arrolla a centos contribuimos a formala; si non facemos unha intensa actuación política, e deixamos libre o campo tumultuoso e caótico das multitudes que avanzan sin parar, si non nos ponemos na sua dianteira, caírá sobre nós a grave responsabilidade que estas multitudes quedan satisfeitas coas afirmacións dos políticos organizados, e en lugar de seren unha forza impulsiva e renovadora, se convirtan nun elemento retardatorio e regresivo. Pensen ben n'isto todos os nacionalistas e desentrañen ben a terrible verdade que encerram estas verbas.

## A S O R E Y

Xuntamente cos meus bós e distintos amigos Rodríguez Lence, director do xornal honaerense "El Correo de Galicia", e o simpático escritor enxebre Lesta Melis, concorrimos a banquete que en gabinete do xenial escultor Asorey, celebrouse en Cambados o domingo derradeiro dia 20 d'este mes.

Non foi un xantar como os que é costume fazer nestes casos. Agás do homenaxe ao gran escultor, que soupo con "Naciña" car unha forte nota de afirmación dentro da arte galega, aquel xantar foi unha verdadeira asamblea na que todos os concurrentes tinan a alma ateigada d'amor e esperanza polo cobizado rexurdimento da Terra. Baixo aquel ceo prácido da Arousa, a doce soma dun ridente souto, resoaron as verbas entusiastas, e fondamente sentidas, que afimaban a fé nun novo evanxelio que pondrá fin ao triste calvario de ser dume que Galicia ven recorrendo dende fai moitos séculos. ¡Ditósas os que presenciamos aquel acto, verdadeira aurora da nosa redención!

Foron Basilio Alvarez, o intelixente loitador; o simpático Portela Valladares, o incomparábel Castelao, o gran poeta Cabanillas, os que desempeñaron o papel da póstoles, encendendo as almas no sagro lume d'amor pola patria. Todos estiveron d'acordo en proclamar o mais radical nacionalismo galego. Despois outros oradores fixeron uso da palabra para gabar a Galicia e a Asorey.

Os concurrentes non poden ser citados porque, an moi, e aparte dos devanditos, vimos ali a Lisario Barreiro, Manolo Quiroga, Enrique Peinador, Eladio Rodríguez González, Llorens, Magariños, Vicente Risco, Paz Andrade, Xavier Riveda, Xesús San Luis, González Garra, Xuan Luis, nunha palabra, a prana maior do enxebrismo e da intelectualidade galega.

Actos como o de Cambados producen en nós a créndice de que para Galicia están á chegar os cobizados días da sua redención.

ASIEUMEDRE.

A parte das anteriores cuartillas que nos tén enviado o irmán Lugris Freire, que levou a Cambados a representación da "Imandade da Fala" da Cruña, ademais de se ter acertado con un telegrama ao mesmo Asorey, coñámonos no deber de decir algo pola nosa conta encor do acto patriótico que en Cambados tense celebrado. Os xornais fixeron xa unha reseña de canto aló houbo. Nós queremos recoller unhas notas interesantes.

Son os discursos de Basilio Alvarez o incansabre loitador agrario e de Portela Valladares, diputado a Cortes por Fonsagrada. Os dous manifestáronse n'aquel acto como verdaderos e convencidos nacionalistas. Os dous falaron en galego e loubaron entusiasticamente ao movemento nacionális galego que sigue o seu camiño trunfal. Foron duas notas que nos tenen aledado moito. Xa chegan os tempos de recolleitar os froitos, do que durante pouco mais de cinco anos estivemos sementando e seguimos e seguiremos sementánndo. Basilio Alvarez defineuse como apóstol da causa nacionalista e Portela Valladares co su discurso e co de Pontevedra fará cambiar de procedimentos aos demais políticos gallegos.

Vede pois a nosa íntima satisfacción.

Houbo outros asistentes ao banquete que falaron en galego mais como son xa nacionalistas militantes nada diremos si non a apraudidos. A nota ridícula, valeira, de falla de senso comün dérona os representantes de Santiago facendo mäs. Falaron da lúa e fixeron n'un lenguaxe que n'aquel amästa. Falaron da lúa e fixeron n'un lenguaxe que n'aquele ambiente cheiraba a podredume. Na pecha levaron a penitencia.

Enormemente satisfeitos polo acto de Cambados que foi dos que se ven poucas veces, ao mesmo tempo que unha consagación que poidéramos chamar oficial, xa que aló estaba representada a verdadeira Galicia, do nacionalismo galego, comprenos no derriadeiro felicitar que rendosamente ao queido Asorey ao mesmo tempo que pedímos sexa él, por ser o mais enxebre e o mais galego dos nosos escultores, o que faga o proyeito do momento que a Curros vaise erixir na Cruxia.

## Música galega

O notabilísimo sexteto de profesores que actúa no kiosco Alfonso dirixido polo mestre don Luis Gracia ven executando todos os martes programas de música galega que o público acolle sempre con grandes demonstracións de agrado.

Agradecemos moito ao notável sexteto esta atención que teñen para a nosa música.

## Unha festa galega na Cruña

O enxebre a sempre apraudido coro cruñés "Cántigas da Terra" correspondendo ao agrado conque acolleuno decote o pobo da Cruña en cantos festivás ten feitos tivo o bñ acorde de celebrar unha festa pública en honor do público cruñés no parque de Méndez Núñez. A noite do sábado 26 en combinación coa banda de música do reximento que executou un ben programa de música galega, canou varios alabás e foliñas do seu extenso e variadísimo repertorio. Todo o pobo da Cruña congregouse no amplio parque para ouvir a "Cántigas da Terra" que cantou do xeito inmellorabre que o fai sempre.

Al final da festa o coro e a banda executaron o himno nacional galego que como sempre foi ouvido con unha gran reñida. O coro e a banda colleñaron moitos a moi merecidos aplausos.

Foi enha gran festa, moi enxebre que debe se repetir más veces.

A nosa embora.

**Lea vostede o próximo número de  
A NOSA TERRA**

## Felipe Pedrell

Fai días finou en Barcelona este formidabre crítico musical catalán o primeiro e mais intelixente dos críticos españoles.

Xe todos os xornás dixeran quen era Pedrell e falaron da sua obra. A música catalana débelle moito por ter feito unha gran labor polo seu desenrollo. N'un libro interesantísimo recolleu unha gran parte de "folklore" español. Nese libro, a música galega tén un outo posto.

Catalunya perde coa morte de Pedrell un dos seus mais grandes fillos e a arte musical española a sua mais grande figura crítica.

Sirvan estas liñas de sentido pásame que enviamos á irmá Catalunya que tan ben sabe honrar aos seus homes representativos.

## COUSAS

Tenho ouvido decir moitas veces a individuos que non son nacionalistas, referíndose á nosa actuación, que non facemos nada, que se non vé por ningüres o resultado da nosa labor. Os que así falan son os incapaces de traballar en algo, de se sacrificar un pouquín en calquier cousa que non vexan resultado práctico e sobre todo en nada que se non beneficien eles materialmente. Cando se trata de realizar unha labor que coste traballo a facer que teña alguma dificultade ou que les non entre polos ollos sin necesidade de la explicar deixan que a fagan os demás e chámnanles enriba románticos e tolos. E no nacionalismo con respecto a esas xentes sucede o mesmo.

Así pois o único xeito de lles contestar aos que así falan é preguntándolle: ¿Qué facedes vos?

Outros hñ moi semellantes aos anteriores, que cando se trata de facer alguma demonstración de galeguismo, por exemplo, unha protesta por algo que nos aldraxe aos galegos, ou en alquer outra cousa na que é preciso que Galicia fale, sempre agardan que o fagamos nós. Hai algún que coída que polo só feito de sermos nacionalistas xá temos a obriga de facer molementos aos galegos ilustres mortos, de protestar cando se nos aldraxe, de agasallar cando haxa que o facer, en fin, que nós por ser nacionalistas temos que falar polos demás. E xa vimos facéndoo, agora que non a medida do gusto de moitos.

Facémolo como nós coñadamos se debe facer.

Estos xe gústanme mais, pois eles mesmos reconocen que somos os nacionalistas somos a única forza galeguista que hai na Galicia.

Tamén dentro de nós, no nacionalismo, hai algúns que pensan é pouco o que se fai. Estes xá teñen mais dereito a opinar así que os outros. Poida ser que sexa certo eso. Mellor é, coido que debéramos facer máis polo tanto que debemos esquinxer que non temos os nacionalistas moitos medios para realizar unha maior labor xá que temos que adicar, por non ter moitos medios económicos, a maior parte do tempo a nos proporcionar o que é indispensabre para vivir e o pouco tempo que nos deixa esa labor ingrata dedicámola con entusiasmo e laborar polo rexurdimento do nacionalismo. E xá se

vé que no pouco tempo que levamos actuando e no menos que temos para adicar a esa labor, levamos feito moito, moi-tísmo. Abonda botar unha ollada para cinco anos atrás.

Agora que non deixo de reconocer que hai en nós alguma falla de actividade e que si nos propuxéramos podíamos fa-ser algo mais do que facemos. Dende fai algún tempo deceau algo o entusiasmo e a actividade que tiñamos denantes.

Sin esixir moita pensó como Lousada Diéguez que debemos voltar aos tempos do comienzo da nosa actuación.

**Victor CASAS.**

## Asambreia nacionalista ibérica

Por mor da folga de Correos, os traballos que viña realizan-do a "Irmadade da Fala" da Cruña para a celebración d'esta interesante Jasmibreia, ficaron suspendidos. Solucionada xá, continuáronse facendo. Na no derradeiro número deciamos que se tiñan recibido moitas adesións. No próximo entera-vámos os nosos leitores do desenvolvo dos traballs e das novedades que haxa encol d'este importantísimo acto.

## En poucas verbas

A cantes pensen que o nacionalismo galego leva feito pou-  
co brindamos esta pequena observación:

"Fai seis anos, cando na nosa terra ningún intelectual ouviba falar galego nos actos públicos, coñábamos coma un  
xesto de gallarda audacia o realizarlo; e era para todos a pro-  
ba máxima de fé nacionalista. Hoxe o falar galego constitue  
unha proba de éxito, e é unha mostra elegante de aristocra-  
cia intelectual. O nacionalismo galego nos seus comienzos tiña  
o seu credo político; e iste primitivo credo político xa foi su-  
perado con valentía por moitas organizacións que inda non son  
oficialmente nacionalistas.

## En Mondariz

O noso querido e entusiasta irmán don Enrique Peinador ven celbrando todos os anos grandes festas galegas, duran-te este tempo, no seu balneario de Mondariz, sanatorio de doentes e templo de galeguismo enxebre e puro.

Este ano levou alí o coro de Ferrol "Toxos e Frères" que  
o de Mondariz "Agarimos da Terra" que él patrón fixeron  
una gran festa galega, que foi un verdadeiro éxito.

A xente que de todas partes acude a tomar as augas de Mondariz ao tornar ás suas casas levan sempre, despois d'isteas festas, unha mostra vivente do rexurdimento galego que estase verificando nos nosos días.

Os propietarios dos demais balnearios galegos debían imi-tar o exemplo do señor Peinador realizando con elo unha gran labor de galeguismo, que é ao mesmo tempo unha gran pro-paganda dos seus balnearios.

**Suscríbase vostede**

**A N O S A T E R R A**

## Un festival luso-galaico

O domingo 3 na praza de touros da Cruña celebrouse unha festival luso-galaico que resultou moi lucido e agra-dabre. Tomaron parte nél a banda de música do Hospicio, que executou unhas pezas galegas, o coro coruñés "Canti-gas da Terra" e o de Ponte o Lima (Viana do Castelo). O da Cruña cantou como sempre moi ben unhas foliadas e ala-lás, que gustaron moito e foron moi aplaudidas.

O coro portugués presentouse d'un xeito elegante, os traxes vistosísimos chamaron moito a atención. Son unhas 15 parellas que bailan e cantan admirabremente. As can-ciós que interpretaron preciosas todas elas, con esa dozura que ten a música portuguesa gustaron enormemente e o pú-brico se non cansou de os aplaudir. Repetiron algunas por petición do público, que casi enchió a praza. Os portuguës deixaron na xente que os escouitou unha agradabre im-presión.

Ao final da festa houbo vivas a Portugal, a Galicia e aos dous países xuntos. Unha festa simpática e bonita que foi ao mesmo tempo ocasión de demostrar unha vez mais o carío que nos une ao pobo irmán.

Ao seguinte dia no teatro Linares Rivas deron outro fes-tival que resultou ainda mellor que o primeiro, xá que o local prestábase moito mais para esta crás de festas. Igual-mente foron moi aplaudidos.

**NO CIRCO DE ARTESANOS**

## Exposición Rexional de Fotografías

A exposición fotográfica que este ano se celebra é un  
visito mais para a Sociedade organizadora. Son moitas, varia-dísimas e notables as fotografías presentadas, nas que la-pixase galega tan pródiga en vicosos arvoredos, en corru-chos pintorescos; o mar, fonte de riqueza e de arte; os mo-mentos; as escenas de costumes; nunha verba Galicia amós-trase en toda aquela profusión variadísima de cartulinas que non nos cansámos de admirar, porque todas elas foron vistas e manipuladas con arte.

Pero sobre todo, o que mais chama a atención, o que des-taca entre as moitas e fermosas composicións, son as coleccions que nunha xusteza armónica e realísma, interpretan maravilhosamente algunas poesías do noso gran Curros Enríquez.

¡Ay! Nouturnio, é A Virxe do Cristal, son verdadeiras obras de arte, cheas de emoción, compostas cunha visión estética que poucas veces ve-se en traballos d'esta natureza. Elas pro-panos unha vez mais que a nosa Terra, coas suas lendas, pañ-saxes e costumes, co seu arte particularísimo, pode ocupar un honroso posto con más xusticia que cando utiliza alle-s fontes de inspiración que, por outra parte, non producen no-nos se" esta intensa emotividade das cousas intimas dos sentim-nos propios.

Felicitamos a Sociedade Fotográfica da Cruña por tan ex-  
celente resultado do seu concurso, así como tamén a cantes  
que obtiveron os merecidos premios polas suas obras.

Como remate d'estas ringlas permitímonos aconsellar ao  
señor Pintos, autor da colección "A Virxe do Cristal", e ro-  
gámoslle que faga unha edición en album ou tarxetas posta-  
les, das reproduccións admirables que tan ben interpretan os  
versos de Curros, cō que fará un grande servicio à nosa arte.

## Un vocabulario castelán-galego

Venían moitos falando da necesidade de facer un diccionario castelán-galego por ser hoxe o de máis urxente precisión. Temos ouido que hai quien está preparando un que constará dun gran número de voces, pero que tardará ainda moito tempo en sair á luz. Reconoscendo nós a utilidá de que prestará ao maior desenrollo do noso idioma esa obra tan precisa, comenzañearmos a publicar moi logo un vocabulario composto de noitás voces, es más necesarias.

FarémoLo en xeito de folletín encuadernable para que poda ser gardado.

Este vocabulario, ao mesmo tempo que ven a suplir, dentro de que cabe, unha verdadeira e urxente necesidade será tamén un ousequito que faremos aos nosos leitores e que eles saberán agradecernos.

Quizais no próximo número comenzañemos a sua publicación.

### No "Rosalía Castro"

## Duas funciós galegas

A Irmandade da Fala da Cruña que ve no teatro un dos medios mais axeitados para facer rexundir no pobo o sentimento galeguista, sigue adicándolle toca a atención que merece.

No domingo 23 representouse novamente o drama en verso, tantas veces apaudido "O Fidalgo", que foi moi ben interpretado, e valeu aos actores como ao seu autor Xesús San Luis novas e estrondosas ovacions.

O día 30 subiu a escena pola primeira vez o melodrama "Leonardo o pescador" escrito en portugués por Baptista Díaz e arreglado ao galego por un distinto irmán, que así quixo rendir un homenaxe á arte dramática da terra irmá.

Presentado con toda propiedade e xogado con admirável naturalidade, desenvolveuse nun crecente interese que, por veces, revelábase no entusiasmo con que os aplausos do público premiaban a labor dos actores que, inda sendo simples amadores cumpriron como verdadeiros artistas.

Estas representacións, como tantas e tantas xa celebradas sempre escoltadas con profunda atención, demostran o moito que se pode facer con boa vontade polo progreso do Teatro Galego, que conta xa con muitas obras de verdadeira valla, con actores capacitados para darles vida, e o público entusiasta.

### TEATRO GALEGO

## Características dos tipos galegos

### VIII

Nas estro provincias que forman o antigo reino de Galicia, se ben as costumes e a fala son unhas, existen diferencias apreciables asta na fonética do lenguaxe como na presentación dos tipos, que dito xexa de paso, distan moití de ser o "tipo galego" sempre igual, único e falso, creado polos autores españoles e repetido non sei se por ignorancia ou por malquerencia.

A característica do idioma nas Mariñas (comarcas de Betanzos) é a dozura, a savidez e certa elegancia, como podemos ver polos versos de Añón, Salvador Golpe, Vaamonde,

Na rexión de Bergantiños (comarca de Carballo) adquiere a fala unha forma imitante ao portugués pola nasalidade, polas terminacións; forte coma as pendies da súa costa brava. Esta é a lingua usada polo bardo Pondal nos seus viriles cantos.

Pelas montañas de Arzúa, Curtis e provincia de Lugo, ten a fala uns acentos rudos, unha forma propia das hirtas cumes.

Xeneralmente por todo a costa O. a N. O. a pronunciación de z e "ce" "ci", faise s.

A fala suave, as modulacións armónicas, e conservando moitos xiros cheos de elegancia e delicadeza.

Per Ourense úsase algo mais as finais de moitas verbas en i, tal como a "mau", "irmau", "iu", inda que non tanto como xentes estranhas se empeñan en nos facer falar á todos galegos. Tamén se dí "il", "aquel", "iso..."

Do Ferrol hacia Viveiro tén igualmente a palabra certas inflexións particulares que poden apreciarse lendo as obras dos escritores d'aquela banda.

E como a fala, tamén o carácter das xentes diferénciase algo, e algo tan varían os tipos.

En xeneral, o galego é afable, cortés e hospitalario. Non é avero non refractario á cultura conforme a pintan desde os estranhos, nem triste e chorón: o carácter galego é mais ben pródigo e amigo de saber; e boa proba d'isto son os préstamos e facilidades que se dan uns aos outros moitas veces sen garantía ningunha, e as dificultades que teñen que vencer para imponerse o sacrificio de estudar nas escolas rurais que sacrificio é ter que andar ao mellor unha legua, e loitar despois coa diferencia de idioma en que lle "ensinan". As moitas sociedades que teñen constituídas total ou colonias galegas para beneficencia e para o sostento de escolas que o Goberno non fa, proban tamén a nosa afirmación rebuldeiro, como se ve nas moitas festas, romerías, fiestas,

etc., etc., que se celebran adoitó en todas as comarcas.

Pois demais, ben se ve na maioría das obras testemunhas galegas, onde se pintan os tipos do natural, que abunda o carácter sínxelo entre as mulleres, e o humorismo, que é a gracia do espírito, no que se dil, e non sómente na maneira de o dizer, nos homes.

A honradez e a nobreza de sentimentos son características no galego, como é tamén o amor á Terra e ao traballo.

O tipo da provincia da Coruña é mais inquieto e mais maúcio, o de Lugo resiñado; o d'Ourense reservado; o de Pontevedra confiado e franco.

Na provincia da Coruña abundan mais os tipos de frente alada e despechada, ollos azuis ou castiños e cabelo castaño.

En Ourense o tipo é mais ben de cara ancha, pómulos algo abultados e moreno.

As mulleres pola costa son de tipo helénico, tez branca, ollos azuis, cabelos dourados, e movementos graciosos.

No interior predomina o tipo moreno, de cores vivas, fisionomías delicadas, formas redondas, esbelta e airosa.

Ramón ALVARÍÑO

No próximo número seguiremos publicando  
as conferencias do noso querido irmán o  
malogrado Luís Porteiro Garea

Anúnciese vostede en  
**A NOSA TERRA**

# LECTURAS

## REXURDIMENTO

En Betanzos, a vella e histórica cidade do Mandeo, enzomenzou a se publicar un boletín galeguista co título indicado.

A "Irmandade da Fala" brigantina, que tanto leva traballado pola imprentación do Teatro Gallego naquela cidade, entra agora nunha nova fase da su labor coa publicación d'este interesante e necesario boletín. Necesario decimos porque entendemos que xa é tempo de que todas as vilas galegas teñan seus periódicos propios, desinteresados fibres de politiquerías, que atendan sómente ao ben da comarca; e eso só pode facelo un periódico galeguista.

A "Irmandade da Fala" da Cruña, ve con agrado, con entusiasmo, que Galicia vai rexurdindo dia a dia, e a cantos axudan n'esta labor fíndelles a man agarimadamente ao tempo que lles berra: "Adiante e Terra a Nosa!"

## AS ROLADAS

Chega a nós unha nova folla das que a alma poeta do gran Cabanillas fundou para se poñer á fala cos nenos galegos e ir pouquinho a pouco encaminándoo cara ao sentimento da Terra.

A semente do galeguismo espallada d'este xeito entre a xente pequena, verdadeiras roladas de sinxelos e débiles criaturinhas, das que é mester se coidar para que o dia de mañán as ensinanzas de xentes estranhas non os dominen por completo ata o extremo de matar n'eres a conscientia da propia persoalidade, ten que fructificar, e dará con certeza resultados de grande proveito para o alianto moral e material da nosa Terra.

A folla de "As Roladas" correspondente ao mes de Santiago inserta a "carta de irmandade da rolada "Luar", e unha fotografía dos cinco nenitos que a costituen. Pubrica tamén traballo de Blanco Torres, Talbo, Cabanillas, Rodríguez Díaz, Ramón Fuentes e Villar Ponte, e dibuxos de Llorens, Cebreiro, Máximo Ramas e Prieto.

"As Roladas", é unha das más grandes obras que poñen maxinarse n'estes tempos.

## GRÁFICA - Revista quincenal ilustrada. A Cruña

Temos recibido o primeiro número d'esta revista que un tanto de entusiastas rapaces, algúns d'eles artistas, teñen comenzado a publicar na nosa capital.

E verdadeiramente interesante. Apreséase con unha orientación galeguista merescente de loubanzas.

Pubrica orixinás de Rey Soto, García Acuña, Correa Caldeira, Euxenio Carré Aldao, Peña Novo, Julio J. Casal, A elx, unha poesía de Pondal e un conto en galego de Leandro Carré.

Varios fotografiados, o sarcófago que garda as cintas da nosa Rosalía, un retrato de Murguía, outro de Imeldo Corral e duas caricaturas galegas de Castelao e de Cebreiro. A portada moi boa é de Ricardo Camino. Está presentando d'un xeito verdadeiramente irreprochable e honra aos talleres de "El Noroeste" onde foi tirado.

A saída d'este número foi acollida con verdadero entusiasmo público, e ás poucas horas tifanxe todos vendidos. Gustou moi e todos gabárono con entusiasmo. Demostra ésto como as cousas ben feitas atopan sempre boa acollida.

Os animosos rapaces que a editan teñen recibido muitas felicitacions as que engadimos a nosa sincera e cordial ao mesmo tempo que lles rogamos non desmaiaren na interantabor que tan ben teñen comenzado.

## CANTARES DA TERRA. Francisco Salgado e López Quiroga

Cariñosamente adicado recibimos un exemplar do libro que con este título ven de imprentar o señor Salgado e López Quiroga. O señor Salgado é ben conocido xá por vir colaborando

en varios xornás e revistas de Galicia. No noso boletín temos publicado algúns versos seus. Tén feito outros libros e no que hoxe dá á luz, publica un bon fato, algúns d'eles moi bonos e ben feitos.

Agradecemos ao seu autor a atención que con nosco tivo ao permitirnos un exemplar que ocupará un posto na nosa biblioteca.

## A NOSSA REVISTA - Porto

Temos recibido o número 9 d'esta interesantísima revista fundada polos alumnos da Facultade de Letras do Porto. Corresponde ao mes de Marzo e está toda ela dedicada como homenaxe ao gran filósofo xá conocido noso Leonardo Coimbra. Conta n'este número os escritores e poetas Hemani Cidade, Antonio Salgado, Baltasar Baelste, Quedes do Amaral, Luis Cardini, José Marinho, Ernesto Alenxadrino e William A. Jenney.

E un número verdadeiramente interesante que gustámos mo. Nas lecturas fala das comedias de Leandro Carré, "Endredos"; "Pra vivir ben de casados", e "Rexurdimen" e de "A NOSA TERRA", ademais d'outras publicacións portuguesas.

## NAVE ETÉREA - Vitorino Nemésio

Cegon a nós atentamente adicando un libro de versos dos que é autor o señor Vitorino Nemésio, de Coimbra, (Portugal). Imprentado con moi gusto contén un bón número de versos todos moi bons entre eles algúns que nos teñen quedado moi. Está feito "en memoria do descubrimento do camiño celeste para o Brasil."

O intertroque, cultural entre a nombre Lusitanía e nós sigue o seu camiño cada vez máis ímanado. Imos recibindo adicados polos seus autores casi todos os libros que están aparecendo no irmán Portugal.

Agradecemos hoxe o que nos envía o señor Vitorino Nemésio e temos muito gusto en nos poñer ao seu servizo o mesmo que o facemos de todo canto de aquelas terras vellas.

## A AURORA DO LIMA - Número adicado ao "Día de Galicia"

O decano dos xornais do Minho, pubrice con este motivo, un número intresantísimo no que colaboran as prestixiosas firmas de Johan V. Viqueira, Victoriano Talbo, Ramón Fernández Médo, Avdiño Rodríguez Elías, Julio de Lemos, Francisca Herrera Garrido, João Verde, etc., etc. Fai ademais un historial resumo de A NOSA TERRA, onde reollerán a espléndente idealidade dos nosos poetas, dos nosos pensadores e dos novos que aparecen na lotta pola nosa Santa Liberdade.

## Gramática do Idioma Galego

Por M. Lugris Freire, académico de número da "Real Academia Gallega"

Este novo libro contén un estudo sintético e integral do noso idioma; e na fonética e morfoloxía resolve todal-as dúbidas en col do emprego das voces. A Sintaxis é compreta e crara, fixando regras seguras para o bon orde das palabras na oración.

Leva como aditamentos os nomes de persoas, toponimia, meses e días, denominación dos ventos, táboa dos principais castelanismos, mostras literarias escolleitas e un vocabulario galego-castelán.

Véndese a 3'50 pesetas o exemplar na librería e imprenta de «Zincke Hermanos», Cantón Grande, 21 - A Cruña.

## Xosé Patiño

Bordados Artísticos  
Xogos de cama Confeccions  
Equipos para noivas  
**San Felio, 20-Apartado, 37**

Palma de Mallorca

## Paulino Freire

**BOUZAS - VIGO**

Sucursaes: en Cruña - Ferrol  
Redes d'algodón para tarrafa  
Aparellos, armados e en panos, para  
barcos pesqueiros  
Malletas de abacá e cáñamo alquitra-  
nado—Cables de aceiro, ingleses  
Aceites minerás e vexetaes, e surtido  
compreto para maquinaria e pesca

**Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA**

## Fábrica de Xergóns e catres metálicos

**ORZAN, 70**  
(Frente do Pórtico de San Andrés)

## EFFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

## F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Marinha, mil-  
itar, vapores, barcos de vela e pescadores.

## “Patente-Salvavidas”

O mellor para pintar os fon-  
dos dos barcos. Ganou Di-  
proma de Honor, Gran pre-  
mio e medalla de ouro nas  
Exposiciós de París-Londres.

REPRESENTANTE

**F. Bertran e Mirambell**  
**VIGO-CRUÑA**

## ZINCKE HERMANOS LIBRERÍA — PAPELERÍA

### IMPRENTA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

**— A CRUÑA —**

## FARMACIA EUROPEA

— DE —

## Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-  
cimentos da sua eras que mais honran a Galicia.  
Montada con arrego aos derradeiros adian-  
tos.

Alfredo Lastres Canosa

## “La Encajera Española”

Fábrica de encaixes de fío  
Tecidos a man. Especialidadeen  
aplicaciós

**Exportación Ibero-Americanana**  
**Almagro (Ciudad Real)**

## Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxei-  
ros Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

## Viuda de H. Hervada

**Casa fundada en 1865**

**A CRUÑA**

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,  
MAQUINARIA AGRICOLA, PEDRAS  
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos

## NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexión  
e Estranxeiro. Confecciónanse toda crás-  
prendas para mulieres, homes e nenos

SÁN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256  
**A CRUÑA**

## BOLSA do TRABALLO INTERNACIONAL

FEDERACION dos EMIGRANTES HESPAÑOLES  
ASOCIACION de BENEFICENCIA

## Enrique Iglesias Corral Barrio

SUBDELEGADO GENERAL NA REGIÓN NOROESTE DE HESPAÑA

**Cruña-León-Ourense-Oviedo-Pontevedra e Lugo**  
**A CRUÑA**

## Sobriños de José Pastor BANQUEIROS

**Casa fundada en 1776**

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidad — Servicios direitos dende o porto da Cruña

Próximas saídas DIRECTAMENTE da Cruña

**Vapor Flandre 23 de Septiembre**

**PRECIOS EN CÁMARA**

	Ptas.	HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250	
Segunda crase	" 1.250 a 1.275	1.300 a 1.325	
Preferencia	" 825	875	

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.  
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

**D. NICANDRO FARÍÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA**

# Lloyd Real Holandés

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

AMSTERDAM

**SERVICIO POSTAL RÁPIDO A AMÉRICA DO SUR**

Próximas saídas da CRUÑA para Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos Montevideo e Bos Aires,

Vapor correo rápido **ZEELANDIA 16 de Septiembre**

Admiten carga e pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

Precio do pasaxe en 3.<sup>a</sup> cras, **Ptas. 400** más impostos.

NENOS, menores de 2 anos, gratis; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10, medio pasaxe; de 10 anos, pasaxe enteiro.  
PARA PRECIOS DE CAMARA e carga dirixirse o Agente General da Compañía en España:

**D. Raimundo Molina e Couceiro, Consignatario—Marina, 22—A CRUÑA**

# BANCO HISPANO-AMERICANO

MADRID

**Capital: 100 millós de ptas.**

**Dirección telegráfica: HISPAMER**

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Elche de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hispano e extranjeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranjeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todos os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionais e estranjeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intereses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	á vista.
2 1/2	por	100	id. id. a 3 meses data.	
2 3/4	por	100	id. id. a 6 id.	
3	por	100	id. id. a 1 id.	

Tamén abre contas en moeda extranjeira abonando intereses a tipos convencionais.

# COMPAÑÍA CHARGEURS REUNIS

E

## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

**Líña Brasil-Plata**

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os maníacos vapores rápidos a duas hélices e de 12.000 toneladas,

<b>DATA</b>	<b>VAPOR</b>	<b>Prezo en 3.<sup>a</sup> cras</b>
11 de Septembre	MOSELLA (nuevo)	397'10 pesetas.
9 de Octubre	MEDUANA (nuevo)	397'10 »

**Prezos en cámara**

	Pernambuco	Bahia	Río Xaneiro	Santos	Montevideo	Bós Aires
En primeira crase. . . Ptas.			1.315		1.565	1.693
En segunda crase. . . "			1.610		1.610	1.610
En segunda intermedia. . . "			575		575	575

**Aos precios de cámara hai que aumentar os impostos**

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarta pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteira. É necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en Hespánia:

**ANTONIO CONDE Fillos - Plaza de Ourense, 2 - A CRUÑA**

Telegrams "Chargeurs"

## Garage ALONSO

DE

**Alfredo Alonso, S. en C.**  
LA CORUÑA

Automóviles

Accesorios  
Neumáticos

Bandaxes macizos  
**«CONTINENTAL»**

con prensa hidráulica  
para o seu montaxe

Aceites e graxas  
das  
**Melhores marcas**

Automóviles  
de alquiler

Comisiones  
e  
**Representacións**

**GASOLINA**  
vendas ao por  
maior e menor

**IMPORTACIÓN DIRECTA**

Representación exclusiva das marcas MINERVA, ESSEX,  
HUDSON, BIGNAN SPORT

Servicio regular de autocamións de transporte entre a Cruña Santiago,  
e viceversa

OS MAIS IMPORTANTES GARAXES DE GALICIA